

## Acta da Comisión Permanente do día 18 de xaneiro de 2023

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 18/01/2023
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 18/01/2023
- III. Acta do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao na titulación de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- IV. Calendario de Traballo Fin de Grao para os graos impartidos no centro.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 12 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 14 de outubro de 2022.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

3. **Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.**

A Presidenta sinala que o Centro Universitario da Defensa é un centro adscrito á Universidade de Vigo que conta cun procedemento interno diferente para a solicitude de recoñecemento de quinquenios de docencia. Por este motivo e tendo en conta que o profesorado solicitante non está ao tanto dos prazos institucionais, propón admitir a trámite a solicitude achegada e valorala.

A continuación amosa a solicitude e comenta que se comprobou que no período solicitado non consta ningunha incidencia rexistrada polo que propón emitir informe favorable.

NOMBRE	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
PAULA DIZ FERREIRO	Estratigrafía	Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio	01/01/1999 ao 31/12/2022

A comisión aproba por asentimento emitir informe favorable sobre a actividade docente para a solicitude recibida.

#### 4. Ratificación, se procede, da acta do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao na titulación de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Presidenta lembra como é o procedemento e precisa os requisitos establecidos na normativa da Universidade de Vigo. Sinala que na última sesión da Xunta de Escola foi ratificado o acordo tomado polo tribunal correspondente no que, tendo en conta os datos achegados, declarouse deserto o premio, xa que ningún estudante tiña acadado unha puntuación media no seu expediente académico que estivera no rango do 10% superior das cualificacións medias da súa promoción. Detectado un erro no cálculo da nota media da promoción o tribunal reuniuse de novo e acordou conceder o premio ao alumno que cumpría o requisito esixido (ANEXO III).

A comisión ratifica por asentimento a acta do tribunal.

#### 5. Aprobación, se procede, da modificación do calendario de TFG.

A Presidenta sinala que a matrícula condicionada nos másteres (para o estudantado que lle resta o TFG e uns 9 ECTS para rematar os seus estudos de grao) xerou unha problemática de procedemento administrativo co prazo de modificación de matrícula. Por isto a dirección do centro decidiu habilitar unha convocatoria extraordinaria para a defensa de TFG que permita ao estudantado de grao que está matriculado na modalidade condicionada en titulacións de Máster da Universidade de Vigo, obter o título de grao con data previa ao período de modificación de matrícula do segundo cuatrimestre. Deste xeito o alumnado de matrícula condicionada podería matricularse do TFM e obter o título de máster no curso 2022-2023.

Esta nova convocatoria de defensa de TFG ten carácter excepcional e só está dirixida ao estudantado de **matrícula condicionada** en másteres de 60 créditos ECTS.

En base aos prazos recollidos na *Convocatoria de matrícula en estudos de posgrao para o curso 2022/2023*, proponse o calendario de TFG recollido no ANEXO IV.

A comisión aproba por asentimento a modificación do calendario.

#### 6. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender o 30 de xaneiro.

Non procede porque ningún estudante de matrícula condicionada mostrou o seu interese en acollerse a esta nova oportunidade de defensa de TFG.

#### 7. Rogos e preguntas.

Non hai.



---

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dezoito de xaneiro de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace  
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 18/01/2023**

## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 18 de xaneiro de 2023, ás 11:30 h en primeira convocatoria e as 12:00 h en segunda.

A reunión terá lugar, **na modalidade presencial**, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 14 de outubro de 2022.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.
4. Ratificación, se procede, da acta do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao na titulación de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
5. Aprobación, se procede, da modificación do calendario de TFG.
6. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender o 30 de xaneiro.
7. Rogos e preguntas.

Vigo, 11 de xaneiro de 2023  
O Secretario

Guillermo García Lomba

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA**





## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 18/01/2023**



<b>Asistentes á Comisión Permanente do 18 de xaneiro de 2023</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
María Araújo Fernández
<b>Profesorado</b>
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
Javier Vijande López
<b>Estudantes</b>
Alejandro Casal Barrerio
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez



## ANEXO III

**Acta do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao na titulación de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**





## ANEXO IV

**Calendario de Traballo Fin de Grao para os graos impartidos no centro**